

2018M



COMPOSTELA,
TERRITORIO DAS MULLERES



1 de marzo, 21.30 h

Concerto Rock&elas

Sala Capitol

Concerto de rock organizado pola Concellaría de Mocidade no que se contará con dous grupos galegos formados integramente por mulleres: Bala e Agoraphobia.

Bala

Composto por dúas mulleres (V e Anx) que teñen xa ás súas costas dous traballos, un primeiro disco esgotado e reeditado, "Human Flesh", e un segundo que acaban de presentar e que leva por título "Lume". O seu estilo musical achéganos ritmos de grunge, punk e rock.

Agoraphobia

Quinteto orixinario de Boiro, nacido en 2013 e formado por cinco mulleres: Susana, Aislinn, Sabela, Paula e Lucía. Teñen dous discos autoeditados "Dirty Little Things" e "Ready to Play" e, igual que Bala, apostan polo punk rock e o rock alternativo.



1-31 de marzo

Intervención urbana na praza de Mazarelos



Actuación impulsada en colaboración coa Comisión de Xénero da Facultade de Filosofía da Universidade de Santiago de Compostela, consistente na instalación na praza dunha estrutura temporal coa imaxe de Concepción Arenal.


5 - 31 de marzo

Exposición fotográfica de Gabriel Tizón

Espellos de pedra

A través dos retratos e imaxes seleccionadas nesta mostra fotográfica, Gabriel Tizón busca dar conta do cotián como algo excepcional. Un traballo froito do encontro con dezaioito mulleres –avoas, nais, fillas, traballadoras...– nun contexto natural, que se quere compartir co público en xeral. Un formato e unha localización que buscan chegar a milleiros de persoas –tanto veciños e veciñas de Compostela, como visitantes– e amosar estas mulleres “ocultas”, “anónimas”, que son parte fundamental da nosa sociedade.





Quince fotografías expostas nas seguintes localizacións da cidade de Santiago de Compostela, que suman un total de 210,9 metros cadrados:

- 1** **2** Rúa da Virxe da Cerca (Mercado de Abastos)
- 3** Oficina do Mercado de Abastos
- 4** Museo do Pobo Galego
- 5** Librería Couceiro, praza de Cervantes
- 6** Praza das Praterías
- 7** **8** **9** Praza da Quintana
- 10** Ruela de Entrerrúas (Casa dos Irlandeses)
- 11** **12** **13** Catedral de Santiago, praza do Obradoiro
- 14** Na casa de apeiros, entre o Museo do Pobo Galego e o Centro de Arte Contemporánea (CGAC)
- 15** Parque de Bonaval (muro de pedra)

7 de marzo, 12.30 h

Entrega do Premio Xohana Torres 2017 e convocatoria do III Premio Xohana Torres de ensaio e creación audiovisual. Pazo de Raxoi


Celebraremos o acto de entrega do II Premio Xohana Torres de ensaio e creación audiovisual que foi recuperado en 2016 pola Concellaría de Igualdade en colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela, logo da súa interrupción en 2012 e tras case 20 anos de vixencia que o converteron nun símbolo da cidade.

Ademais, o 8 de marzo, convocarase o III Premio Xohana Torres de ensaio e creación audiovisual. Nesta nova edición ampliarase a finalidade da convocatoria ao se poderen presentar ensaios literarios ou científicos e traballos audiovisuais que busquen recuperar a memoria histórica das mulleres galegas, e non só compostelás como nas edicións anteriores.

PREMIO XOHANA TORRES

De ensaio e creación audiovisual
sobre a memoria histórica
das mulleres de Galicia

PRAZO DE PRESENTACIÓN
do 8 de marzo ao 31 de decembro
de 2018



9 de marzo, 15.00 h

Emisión en directo desde a Casa das Mulleres Xohana Torres do programa da **Radio Galega Diario Cultural** presentado por **Ana Romaní**

O Diario Cultural, o programa de información cultural diaria da radiodifusión galega, dirixido por Ana Romaní desde 1990, será emitido en directo dende a Casa das Mulleres Xohana Torres. O programa estará dedicado ao Día Internacional das Mulleres así como á escritora compostelá Xohana Torres.



11 de marzo

Os camiños do lecer

Visitaremos, con Encarna Otero, algún dos lugares de lecer máis emblemáticos da cidade e, ao redor deles, achegrémonos á historia das mulleres, aos costumes e ás relación sociais da época. O paseo sairá da escultura das irmás Fandiño Ricart ás 10.30 h

**CAMIÑOS
DO LECER**



DEBATES FEMINISTAS NA CASA DAS MULLERES XOHANA TORRES

Marzo - abril

Debates feministas na Casa das Mulleres Xohana Torres

Un ciclo de debates nos que participarán mulleres imprescindibles que dende diferentes perspectivas e ámbitos abordarán cuestións fundamentais relacionadas coas desigualdades de xénero, reivindicacións e mobilizacións feministas do pasado e do presente e achegas literarias claves para o feminismo e a cultura galega.

As mulleres no eido cultural (2 de marzo, 19.30 h)

Xustiza, xéneros e coidados (9 de marzo, 19.30 h)

Presentación do libro de Xohana Torres *Elexías a Lola*
(16 de marzo, 19.30 h)

Medios de comunicación e xénero (23 de marzo, 19.30 h)

Historia do movemento feminista galego (6 de abril, 19.30 h)

Presentación do libro *La prostitución en el corazón del capitalismo* (13 de abril, 19.30 h)

Saúde e desigualdades de xénero (20 de abril, 19.30 h)

Ciberfeminismos (27 de abril, 19.30 h)

Marzo - maio

Programa para mellorar o benestar individual e colectivo das mulleres que viven no rural

Un programa de obradoiros que persegue os seguintes obxectivos xerais:

Traballar o empoderamento e a participación das mulleres

Facer visible o traballo das mulleres e os seus logros

Facilitar canles de apoio e proporcionar orientación básica que reforce a autoestima

Capacitar e reforzar as habilidades das mulleres

Fomentar e apoiar a creación de redes formais ou informais de mulleres

Facilitar encontros e intercambios de experiencias

Realizaranse nos seguintes seis centros socioculturais:

Centro Sociocultural de Santa Cristina

21 de marzo - 18 de abril (mércores, 17.30 a 19.00 h)

Centro Sociocultural de Busto

23 de marzo - 20 de abril (venres, 16.30 a 18.00 h)

Centro Sociocultural de Aríns

24 de marzo - 21 de abril (sábados, 17.00 a 18.30 h)

Centro Sociocultural de Laraño

25 de abril - 16 de maio (mércores, 18.00 a 19.30 h)

Centro Sociocultural de Lavacolla

27 de abril - 18 de maio (venres, 18.00 a 19.30 h)

Centro Sociocultural de Grixa

28 de abril - 19 de maio (sábados, 17.00 a 18.30 h)

Realizaranse catro sesións por centro.

Máis información nos propios centros socioculturais ou na web tm@santiagodecompostela.gal

3 de marzo

Máis que musas

Evento de arte multidisciplinar de novas creadoras galegas. A elección do nome responde á necesidade de salientar o feito de que as mulleres constitúen un suxeito esencial na creación artística.

Exposición de artistas (Casa do Matadoiro, 12.30 h):

Abi Castillo, Carmel Latifi, Claudia Suarez, Lía Rodríguez, Lidia Cao, Madpanda, Maru Astral, Noaltodopoleiro, Seki, Sierrapitos, Somos Lag, Violeta.jpg

Sesión vermú (Casa do Matadoiro, 13.30 h): Kúzlo Duše

Poesía (Pub Momo, 18.00 h): Colectivo Lag, Constance Hurlle (85C), Dúas gamberras e un micro

Música (Pub Momo, 20.00 h): Doi Dice, Iria Vilas, Laura García Villar, Laura Vizoso, Mar e Aldara, Pirocactu



Organizado polo alumnado do ciclo superior do Raio Verde.



Colectivo Lag

5 - 6 - 11 marzo

Muller e bicicleta: MDNNA, faite vella con nós!

Obradoiros e espectáculo de danza

Proxecto de arte do corpo de comunidade e de feminismo: unha experiencia de danza e posta en escena para mulleres. Ao longo de tres obradoiros, a coreógrafa Begoña Cuquejo traballará cun grupo de mulleres interesadas en achegarse ao corpo e ao pensamento crítico sobre as normativas do corpo feminino e de xénero.

Parte da coreografía de Vogue da artista Madonna, para levala ao movemento propio, ás voces e ao traballo de cada unha das participantes. O resultado é o espectáculo *Mdnna, faite vella con nós!* un traballo escénico duns 20 minutos, que será presentado ao público o 11 de marzo ás 19.00 h na praza do 8 de Marzo.

Os obradoiros para preparar a peza levaranse a cabo na Casa do Matadoiro:

luns 5 de marzo, 16.00 a 20.30 h

martes 6 de marzo, 16.00 a 18.30 h

domingo 11 de marzo, 17.00 a 18.30 h

Organiza asociación
Composcleta

Inscripción previa no enderezo: begonhacuquejo@gmail.com



easd
mestre mateo

Organiza:
Composcleta e
ESAD Mestre Mateo.

Colabora: asociación
Distrito Altamira.

7 - 15 marzo

Exposición fotográfica “En bici, ti mesma”

Exposición que ten como obxectivo facer visible o uso da bicicleta como medio de transporte habitual entre as mulleres compostelás. As fotografías, realizadas polo alumnado da Escola de Arte e Superior de Deseño Mestre Mateo, amosan as mulleres como ciclousuarias cotiás, coa súa vestimenta de cotío (roupa non necesariamente deportiva) e posando xunto á súa bicicleta. As fotografías expóranse nos escaparates de distintos establecementos do barrio de Altamira.

Ademais...

na programación da Concellaría de Acción Cultural



10 de marzo, 20.30 h, Teatro Principal

Teatro: *Emilia. Mujeres que se atreven* (Parte 1)

Emilia. Mujeres que se atreven amosa a loita dunha muller, Emilia Pardo Bazán que, cara á fin do século XIX, porfía en ser ela mesma, conducirse de acordo cos seus desexos e vontade de escribir e participar na vida pública.

15 marzo, 20.30 h, Auditorio de Galicia

Música clásica: *Suite española.* Rosa Torres Pardo e Rocío Márquez

A pianista Rosa Torres Pardo e a cantaora Rocío Márquez protagonizan o segundo dos concertos do Ciclo de Piano Ángel Brage, cun programa no que conviven obras de Granados, Albéniz e Falla.

21 de marzo, 19.30 h, Zona "C"

Inauguración de *De como non casar.* *How not to get married*

Olalla Castro e Nicoleta Moise propoñen en *De como non casar. How not to get married* un itinerario gráfico, audiovisual e performativo no que diferentes supersticións, rituais e tradicións relacionadas con Galicia e con Santiago de Compostela son recompiladas e reinterpretadas. A intervención interdisciplinar inclúe investigación in situ dos "espazos supersticiosos".

Entrada libre

14 de abril, 21.00 h, Auditorio de Galicia

Concerto de Sés: *Readmirando a condición*

Sés presenta o vindeiro 14 de abril en Santiago o seu novo disco, *Readmirando a condición*. Este novo traballo, publicado o pasado 1 de decembro, está composto por doce temas, dos cales once corresponden ao seu primeiro álbum, que contiña éxitos como "Tempestades de sal" ou "Non son fada". Desta volta, a cantora dálle un son máis "Sés" ao seu disco de debut, convertendo aqueles temas nun son –en moitos casos– totalmente diferente, cunha sonoridade máis potente. Estas once cancións foron gravadas desde cero e producidas e arranxadas por ela mesma, a diferenza do primeiro disco.





27 abril, 20.30 h, Teatro Principal

Danza: *Si pudiera hablar de esto no haría esto* Janet Novás

En *Si pudiera hablar de esto no haría esto*, Novás privilexia os materiais que deveñen das pulsións para afastarse desoutra faceta discursiva. Lonxe de formular un discurso ou tender unha reflexión colectiva, a artista entrégase ao xogo co corpo, co tempo e o espazo que a arrodean para compartir sensacións, iniciar un camiño a través das súas experiencias e necesidades de expresión, nunha peza na que a acción, a entrega o compromiso e a responsabilidade se volven imprescindibles.

27 de abril, 20.30 h, Auditorio de Galicia


Concerto de Adriana Calcanhotto: *A Mulher do Pau-Brasil*

Inspirada no movemento modernista brasileiro dos anos 20, no seu "Manifesto da Poesia Pau-Brasil", e na súa influencia sobre o Tropicalismo (toda a información externa debe ser devorada e reinventada nos seus propios termos), e con base na aprendizaxe, na investigación e nos traballos desenvolvidos como profesora da Universidade de Coimbra e embaixadora da lingua portuguesa, Adriana Calcanhotto crea un novo espectáculo, no cal reflexiona sobre todas estas novas experiencias. Sucesos, temas inéditos, novas lecturas e reinvenções. Neste concerto, Adriana Calcanhotto será acompañada por Gabriel Muzak (guitarra, mpc e voz), e Ricardo Dias Gomes (piano, baixo e voz).



Máis información en:

www.compostelacapitalcultural.gal



COMPOSTELA,
TERRITORIO DAS MULLERES



CONCELLO DE
SANTIAGO

tm.santiagodecompostela.gal